

PROPOSTA DE LECTURAS : BIBLIOQUIROGA RECOMENDA



<http://biblioguiroga.blogspot.com.es/>

BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA DO I.E.S. DE QUIROGA - MAIO 2018



<http://biblioguiroga.blogspot.com.es/>

NOVAS DE BIBLIOQUIROGA

MOITO MÁIS QUE MÚSICA

Este é o primeiro traballo de *A banda da Loba*, un proxecto colectivo que xurdiu ao unírense Andrea e Marcela Porto, Inés Mirás, Estela Rodríguez e Xiana Lastra, cinco mulleres con traxectoria propia no ámbito musical.

Este disco heteroxéneo e singular, autoproducido no 2017, mestura pop, blues, folk, rock e sons tradicionais. No tocante aos textos das pezas, os que non son de autoría propia están baseados nas letras de poemas de **Celso Emilio Ferreiro**, **Manuel María**, **Rosalía de Castro**... e non só musican a autor@s clásic@s: tamén inclúen composicións de **Rosalía Fernández Rial** ou **Celia Parra**.

O título do grupo é toda unha declaración ao facer referencia a **Pepa a Loba**, bandoleira galega do s. XIX, e á femia do lobo. Reivindican así a independencia feminina, tanto pola lendaria Pepa –a quen tamén lle adican a peza homónima, coas **Tanxungueiras**–, como pola revalorización do termo loba aplicado a unha muller, como explica Xiana Lastra:

Ás mulleres chámannos lobas con desprezo, como algo despectivo, e quixemos reapropiarnos do termo; darlle unha nova acepción, falar da muller loba como muller forte e arriscada, e non como un insulto.

Bailando as rúas conta tamén coa colaboración de **Guadi Galego** e gañou o certame aR[r]itmar de música galego portuguesa.

Co gallo do **Día das Letras**, fixeron o vídeo *Anagnórise*, poñéndolle voz tamén a **Mª Victoria Moreno**, como tamén fixo o **Fuxan os Ventos** cun poema da autora homenaxeada.



NOVAS DE BIBLIOQUIROGA

LETRAS GALEGAS 2018: MARÍA VICTORIA MORENO

Aquí tedes varias referencias da autora homenaxeada este ano o 17 de maio: obras diversas para todos e todas.

